

¿Qué é o programa Leader?

O programa LEADER é unha iniciativa comunitaria para o desenvolvemento das zonas rurais, cos obxectivos básicos de asentamento poboación a través da creación e mantemento de emprego e de dotar de servizos esenciais as nosas parroquias e concellos.

O LEADER (Ligazóns Entre as Actividades de Desenvolvemento da Economía Rural) está impulsado pola Unión Europea desde 1991 para descentralizar as políticas de desenvolvemento rural e na actualidade se considera como unha ferramenta esencial no rural galego. Se trata de "procesos de abaixo á arriba", onde a poboación do rural decide e forma parte do seu futuro.

¿Qué son os GDRs?

Os Grupos de Desenvolvemento Rural elaboran unha estratexia de desenvolvemento local participativo (EDLP) xunto cos actores do territorio (asociacións, cooperativas, concellos, agrupacións de produtores), onde se inclúen as principais posibilidades, oportunidades e necesidades do territorio tanto dende o punto de vista produtivo, coma económico, dotacional, social ou medioambiental. Esta estratexia se presenta ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) ente público xestor do programa.

O grupo conta cunha estrutura técnica adicada á dinamización, mobilización e promoción para aplicar a estratexia (EDLP) para este territorio co obxectivo de que surxan proxectos que se poidan financiar ao amparo do programa. É o propio GDR quen se encarga de analizar e valorar os proxectos e, en función diso, a súa Xunta Directiva atribúe unha porcentaxe da axuda, partindo duns criterios preestablecidos e obxectivos.



GASTOS SUBVENCIONABLES

En xeral os gastos subvencionables comprenden a construción, adquisición e mellora de inmobles e instalacións, compras de maquinaria e de equipamento novo. Tamén obra civil, gastos de proxecto, licenzas, e cumprindo con certos requisitos, medios de transporte directamente relacionados coa actividade. Investimentos intanxibles, tales como adquisición e desenvolvemento de programas informáticos e creación de webs.

Contacto



986 744 909 _ 650 255 914



info@gdrsalnesullaumia.com
www.gdrsalnesullaumia.com



Rúa Cruceiro, 43 - 36990 Vilalonga
Sanxenxo (Pontevedra)



gdr
SALNÉS-ULLA-UMIA
LEADER 2023-2027

XUNTA
DE GALICIA

Cofinanciado pola
Unión Europea

GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN

PARTICIPA CON NÓS

Nova convocatoria de
AXUDAS do programa
LEADER




gdr
SALNÉS-ULLA-UMIA
LEADER 2023-2027




ENTIDADES BENEFICIARIAS DO PROGRAMA LEADER SALNES ULLA UMIA 2023 - 2027

Poderán ser beneficiarios destas axudas calquera persoa física ou xurídica que promova un proxecto no ámbito de actuación do GDR O SALNÉS ULLA UMIA, tales como:

- Persoas físicas ou xurídicas de carácter privado (autónomos e pemes).
- Entidades públicas de carácter local.
- As comunidades de montes veciñais en man común e asociacións.



PROCEDEMENTO DE XESTION DE AXUDAS



OBXECTIVOS XERAIS DA EDLP GDR SALNES ULLA UMIA

- 1º DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA, MELLORA DA COMPETITIVIDADE EMPRESARIAL E INNOVACIÓN
- 2º PLAN DE DIXITALIZACIÓN
- 3º APLICACIÓN DA ESTRATEXIA EUROPEA "DA GRANXA Á MESA"
- 4º MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA E EMPREGO DE ENERXÍAS LIMPAS
- 5º MEDIDAS DE RESPONSABILIDADE SOCIAL
- 6º SERVIZOS BÁSICOS ASISTENCIAIS
- 7º CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO RURAL (NATURAL E ETNOGRÁFICO)

CRITERIOS DE VALORACION DE PROXECTOS

PROXECTOS PRODUTIVOS

	CRITERIOS	Puntuación máxima
1º	LOCALIZACION XEOGRAFICA	25
2º	PROMOTOR	10
3º	CREACION E MANTEMENTO DE EMPREGO	20
4º	IMPACTO SOBRE O TERRITORIO	45
	TOTAL	100

PROXECTOS NON PRODUTIVOS

	CRITERIOS	Puntuación máxima
1º	LOCALIZACION XEOGRAFICA	40
2º	PROMOTOR E PROXECTO	20
3º	IMPACTO SOBRE O TERRITORIO	40
	TOTAL	100

¿QUE DOCUMENTACION E NECESARIA PRESENTAR?

Ademais de cubrir a solicitude e anexos publicados no DOG Nº21 do 2 de febreiro de 2026 e dispoñibles na sede electrónica da XUNTA DE GALICIA, (procedemento MR701L), será necesaria outra documentación dependendo da tipoloxía do proxecto:

- Documentación acreditativa do solicitante (NIF, DNI, CIF).
- Declaración censal (modelo 036 ou 037) ou compromiso de comunicar o inicio de actividade á AEAT.
- Escrituras de constitución e dos estatutos rexistrados.
- Documentación específica para pequenas empresas: últimas contas depositadas no rexistro correspondente, última memoria anual de actividades, balance e volume de negocio do último exercicio pechado. Informe de vida laboral da/s conta/s de cotización da empresa e/ou dos traballadores autónomos. Informe do cadro de persoal medio de traballadores en situación de alta.
- Acreditación da propiedade ou capacidade legal de uso e desfrute dos bens do proxecto.
- No caso de investimentos no sector agrario código de explotación agraria.
- Anteprojecto asinado polo técnico competente no caso de obra civil.
- Plano Sixpac de localización dos investimentos.
- Certificación da conta bancaria.
- Estar ao corrente de tódalas obrigas fiscais e da seguridade social.
- Compromiso de respectar o destino do investimento durante 5 anos, a menos que exista unha normativa mais restritiva.
- E outra documentación necesaria según a tipoloxía do proxecto.

RESUMO DAS PUNTUACIONS DE PROXECTOS SEGUNDO OS BAREMOS

TIPO DE PROXECTO	LÍMITE DE AXUDA PÚBLICA
PRODUTIVOS (autónomos e pemes)	✓ MÍNIMO 15% E MÁXIMO 50% ✓ NOTA DE CORTE MÍNIMA: 20 PUNTOS ✓ PUNTUACIÓN MÁXIMA: 70 PUNTOS ✓ CONTÍA MÁXIMA DE AXUDA: 100.000 €
NON PRODUTIVOS (concellos, asociacións e cmvmc)	✓ MÍNIMO 30% E MÁXIMO 90% ✓ NOTA DE CORTE MÍNIMA: 20 PUNTOS ✓ CONTÍA MÁXIMA DE AXUDA: 30.000 €